



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### Persoal

*Modificación da estrutura orgánica e funcional básica da Administración municipal executiva do Concello de Santiago*

##### ANUNCIO

En resolución da Alcaldía-Presidencia do Concello de Santiago de Compostela de data 17 de marzo de 2022, modifícase a estrutura orgánica e funcional básica da Administración municipal executiva, aprobada por Decreto do 13 de novembro do 2020. A modificación ten o seguinte contido:

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribúe ao Alcalde, no seu artigo 124.4, letras k) e ñ), a facultade de establecer a organización e estrutura da Administración municipal executiva, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Pleno en materia de organización municipal, de conformidade co disposto no artigo 123.1.c) de dita lei. En concreto, corresponde ao Pleno a determinación dos niveis esenciais da organización, mentres que ao Alcalde compete o establecemento do número de órganos e dos niveis complementarios inferiores.

No exercicio de dita competencia, aprobouse o Decreto de Alcaldía do 13 de novembro de 2020 (BOP núm. 205, do 1 de decembro de 2020) regulador da estrutura orgánica e funcional básica da Administración municipal executiva do Concello de Santiago de Compostela.

Transcorrido un tempo desde a aprobación da estrutura organizativa municipal estímase oportuno introducir algunhas actualizacións á mesma, en concreto respecto da Área de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, na que se modifica a Dirección de Área de Recursos Humanos, Avaliación, Modernización e Réxime Interior e se crea a Dirección de Área de Modernización, Innovación e Calidade da Administración Local.

A creación desta nova Dirección de Área inclúese no vixente cadro de persoal, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión celebrada o día 15 de febreiro de 2022, e que dí:

#### **“A.- ÓRGANOS DIRECTIVOS DO ARTIGO 130 DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, REGULADORAS DAS BASES DO RÉXIME LOCAL E DA LEI 57/2003, DO 16 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS DE MODERNIZACIÓN DO GOBERNO LOCAL**

• 6 Direccións de Área. Grupo A1, das cales 4 están cubertas e 2 vacantes (todas elas orzamentadas para o exercicio 2022), e 1 vicedirección de Asesoría Xurídica, cuberta”.

Por todo o anterior, en virtude do exposto e no exercicio das atribucións conferidas ao efecto a esta Alcaldía,

##### RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a modificación da estrutura municipal do Concello de Santiago de Compostela no referente á Área de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, que queda configurada da seguinte forma:

#### 9.- ECONOMÍA E FACENDA, PERSOAL, CONTRATACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

##### ESTRUTURA

Esta área adecuará a súa organización administrativa e funcional interna á estrutura básica sinalada a continuación,

#### 1. DIRECCIÓN DE ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, AVALIACIÓN, CONTRATACIÓN E RÉXIME INTERIOR

##### 1.1. Servizo de Recursos Humanos e Avaliación

##### 1.1.1. Xestión de recursos humanos

##### 1.1.2. Habilitación de nóminas

##### 1.1.3. Avaliación e carreira profesional

##### 1.1.4. Formación, flexibilidade horaria e teletraballo

##### 1.1.5. Prevención de riscos laborais

1.2. Servizo de Contratación

1.3. Réxime Interior

1..1. Arquivo e documentacións

1.3.2. Servizos internos

1.3.3. Parque móbil

2. DIRECCIÓN DE ÁREA DE MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

2.1. Servizo de Informática

2.1.1. Sistemas e Comunicacións

2.1.2. Aplicacións de Xestión

2.2. Servizo de Innovación, Transformación Dixital e Ciberseguridade

2.2.1. Administración electrónica

2.2.2. Ciberseguridade

3. INTERVENCIÓN XERAL

3.1. Viceintervención

3.2. Fiscalización de gastos

3.3. Fiscalización de ingresos

4. ÓRGANO DE XESTIÓN ECONÓMICA E CONTABILIDADE

4.1. Oficina Orzamentaria

4.2. Contabilidade

4.3. Coordinación xestión de axudas

4.4. Programas europeos

5. TESOURERÍA

5.1. Vicetesourería

5.1.1. Censos e catastro

5.1.2. Xestión tributaria

5.1.3. Recadación

5.1.4. Atención ao contribuínte

5.1.5. Inspección tributaria

**Segundo.-** Ordenar ao Departamento de Recursos Humanos a adecuación dos códigos das estruturas da organización, a adecuación da relación de postos de traballo e as readscricións dos postos e as persoas ás nova estrutura municipal.

**Terceiro.-** O presente decreto terá efectos dende o día seguinte á data da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2022

O Alcalde

Xosé A. Sánchez Bugallo

2022/1460